

Catas en liña dos viños da D.O. Ribeira Sacra para comezar o 2021

A D.O. Ribeira Sacra comezaba a campaña promocional de Nadal *“Ribeira Sacra, o viño deste Nadal”* con catas virtuais da sumiller, **Mercedes González Rodríguez**. As catas que se celebraron os días 10 e 17 de decembro foron transmitidas por streamig en Zoom, Youtube, Facebook e Instagram. A actividade tivo moi boa acollida por parte das adegas participantes e por parte do público inscrito na cata, polo que a D.O. Ribeira Sacra prepara dúas novas catas; unha para o xoves, **11 de febreiro** e a primeira para o xoves **21 de xaneiro**.

As catas desenvolveranse a partir das **19.00 horas**. A participación é aberta e gratuíta pero é necesario inscribirse no correo **comunicacion@ribeirasacra.org**. Unha vez inscritos obterán a ligazón de Zoom e das redes sociais para poder seguir a cata e deixar as súas preguntas ou comentarios sobre cada viño.

O xoves 21 ás 19.00 h cataranse (inscricións ata 24 horas antes indicando que viño dos que se catarán adquiriu o participante para a cata):

- **Regina Viarum** Godello 2019 de Regina Viarum
- **Val da Lenda** blanco Sumum 2019 de Víctor Manuel Rodríguez.
- **Casa Moreiras** Godello 2019 de Casa Moreiras
- **Asolagados** Mencía 2019 de Pilares de Belesar.
- **Rectoral de Amandi** Mencía 2019 de Bodegas Rectoral de Amandi
- **Finca Cuarta** Mencía 2019 de Rubén Moure.
- **Finca Millara** Mencía barrica 2017 de Finca Millara
- **Ribera de los Naranjos** Tinto Summum barrica 2018 de Finca Millara
- **Adobe Mencía** 2019 de Rectoral de Gundivós.
- **Algueira Carravel** Mencía 2016 de Adega Algueira
- **Ruxe Ruxe** Mencía 2018 de Tolo do Xisto.



NOTA DE PRENSA 15 de enero 2021

Os viños para catar poden ser adquiridos en adega, tendas especializadas, supermercados ou a través de internet; na web de cada adega ou a través da cesta de compra á que se pode acceder desde a web da **D.O. Ribeira Sacra**.

As catas desenvolvidas en decembro poden verse de novo no blogue da D.O. Ribeira Sacra, no que xa está colgada a primeira cata. O día 18 colgarase a segunda e entre tanto poden visionarse tamén na canle de youtube da D.O. Ribeira Sacra.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org